

Os cazadores interesados poderán participar no Proyecto Becada de calquera das seguintes formas:

- **Vía online:** Rexistrándose na Web do Club de Cazadores de Becada (<http://www.ccbp.org/es/nuevocuadernopaso1.php>), e cubrindo os datos de cacerías e capturas na plataforma online creada para o efecto (<http://alas.ccbp.org/>). As ás depositaranse en calquera das sedes da Federación Galega de Caza ao final da tempada cinexética, correctamente identificadas co seu número de captura asignado.

- **Enchendo as fichas de saídas e de capturas en papel.** As fichas descargaranse previamente na Web do CCB (<http://www.ccbp.org/es/cuadernofichas.php>), ou a través dunha ligazón que facilitará a FGC para o efecto. Ao final da tempada de caza depositarase a ficha xunto coas ás das capturas efectuadas en calquera das sedes da FGC.

As mostras de ás de arceas coas súas correspondentes fichas depositaranse en calquera das sedes da Federación Galega de Caza, conforme ao protocolo que se cita a continuación:

ESTUDO DA ARCEA

PROTOCOLO PARA A RECOLLIDA E DEPÓSITO DE MOSTRAS

Para a recollida de mostras teranse en conta as seguintes pautas básicas:

1. Tipo de mostra: Recollerase o á esquerda das arceas capturadas, debendo conservarse en perfecto estado de secado.
2. Método de secado:
 - A á cortarase na articulación que a une ao corpo do ave. Utilizarase preferentemente a á esquerda ou a dereita se a primeira se atopase en mal estado.
 - A á colocarse BEN ESTENDIDA (imprescindible para unha correcta lectura) sobre unha fonte de calor (por exemplo, un radiador) durante o tempo suficiente para un correcto secado. Xeralmente a duración máxima do secado será dunha semana. Para comprobar o óptimo secado basta con cerciorarse de que a á perdeu case todo o seu peso, preséntase con aspecto "acartonado" e perdeu a flexibilidade. ATENCIÓN: Unha á incorrectamente secada xera mofos.
 - Para asegurar que durante o secado o á queda completamente estendida pódese suxeitar mediante unhas pinzas a un folio de cartón ou simplemente colocándolle un peso encima, por exemplo un libro.
3. Material para a recollida de mostras e método: As ás xunto coas súas respectivas fichas de captura (para colaboradores en ?papel?) ou identificadas co seu código de captura (colaboradores online) depositaranse, antes do 1 de marzo, en calquera das sedes da Federación Galega de Caza, cuxas direccións se indican a continuación:
 - **Federación Galega de Caza na Coruña**, rúa Vila de Caión nº 27, baixo; tlfno. 981702957
 - **Federación Galega de Caza en Lugo**, rúa San Roque nº 55 Entreplanta; tlfno. 982254996
 - **Federación Galega de Caza en Ourense**, Estadio do Couto (rúa Carlos Maside); tlfno. 988221620
 - **Federación Galega de Caza en Pontevedra**, Lepanto nº 1-1º,J; tlfno. 986852300
 - **Federación Galega de Caza (Santiago)**, Estadio Multiusos S. Lázaro, porta 12; tlfno. 981562777